

**Expediente 14523/407.**

Asunto: Comisión de servizos para prover un posto de Inspector de Urbanismo de Disciplina/Conservación urbanística.

INFORME-PROPOSTA:**I.- Antecedentes.**

Con data 18.05.2022 a Vicepresidente desta Xerencia Municipal de Urbanismo, resolveu:

“Primeiro.- Autorizar a provisión, mediante comisión de servizos, do posto de Inspector de Urbanismo, cos seguintes elementos (conforme a relación de postos vixente, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 250 de 30.12.2020):

- * *Código:* 423.08.
- * *Denominación:* Inspector de Urbanismo.
- * *Complemento de destino:* 20.
- * *Complemento específico:* 13.300,42 euros/ano (actualizado ó exercicio 2022).
- * *Grupo, escala, subescala:* C1, Administración Especial, Técnica Auxiliar.
- * *Titulación requirida:* Bacharelato superior, Formación Profesional II ou equivalente.
- * *A efectos desta comisión de servizos:* Achegarase o currículo académico e profesional.
- * *Duración máxima da comisión de servizos:* Un ano como máximo (prorrogable por un ano máis).

Segundo.- Publicar esta resolución na web municipal (ofertas de emprego), para que os funcionarios en propiedade interesados presenten a súa solicitude no prazo de cinco días hábiles, dirixida ó Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.”

O 23.05.2022 publicouse esta resolución na web municipal (ofertas de emprego), abríndose o prazo de cinco días hábiles para presentar solicitudes, que rematou o 30.05.2022.

Presentáronse en prazo 7 solicitudes:

Documento nº	Data	Nome e apelidos	DNI
220114193	25.05.2022	David PORTELA ALONSO	*****571W
220114402	25.05.2022	Ana Mª FERNÁNDEZ PRIETO	*****580H
220115740	27.05.2022	Fidel GOBERNA TRIGO	*****313G
220116398	27.05.2022	Luis COMESAÑA FERNÁNDEZ	****910M
220117329	30.05.2022	José Luis ROMERO COBAS	*****425Q
220117475	30.05.2022	Enrique RODRIGUEZ BASTOS	*****463G
220117960	30.05.2022*	Miguel Ángel GONZÁLEZ LORENZO	*****470M

*Entra no Rexistro desta XMU polo SIR o 31.05.2022



SERVIZOS
CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Preséntanse, tamén en prazo, por Ana M^a Fernández Prieto e por Enrique Rodríguez Bastos os documentos 220115742 e 220117500, respectivamente, para complementar a documentación presentada.

Tendo en conta os requisitos mínimos que se tiñan que declarar/acreditar:

- 1.- Titulación suficiente para ocupar o praza e posto do subgrupo C1 (bacharelato superior, formación profesional II ou equivalente).
- 2.- Ser funcionario de carreira. Este requisito é fundamental nesta forma de provisión e para ocupar un posto reservado a funcionarios en propiedade: o exercicio das súas funcións supón exercicio de autoridade.
- 3.- Achegar currículo académico e profesional.

Con data 01.06.2022 a Vicepresidente resolveu excluír do proceso de selección ós seguintes candidatos:

- 1) Fidel Goberna Trigo: non presenta currículo académico e profesional, non consta que ocupe praza de funcionario en propiedade e que posúe a titulación requirida.
- 2) Luis Comesaña Fernández: non declara ou acredita que teña a condición de funcionario en propiedade.
- 3) José Luis Romero Costa: non presenta currículo académico e profesional, non consta que ocupe praza de funcionario en propiedade e que posúe a titulación requirida.
- 4) Enrique Rodríguez Bastos: non declara ou acredita que teña a condición de funcionario en propiedade.
- 5) Miguel Ángel González Lorenzo: non declara ou acredita que teña a titulación requirida e a condición de funcionario en propiedade.

Mediante publicación na web déronse tres días hábiles para subsanar estas deficiencias. Con data 03.06.2022 (documento 220120928) Miguel Ángel González Lorenzo presenta escrito no que acredita a súa toma de posesión como FUNCIONARIO ADMINISTRATIVO (2010) e a provisión definitiva no posto de Administrativo Responsable de Disciplina Urbanística (2015) do subgrupo C1. Non acredita titulación de Bacharelato ou Formación Profesional II.

II.- Avaliación e proposta de nomeamento.

Vistos os currículos dos candidatos que acreditan o cumprimento dos requisitos para o seu nomeamento en comisión de servizos, considérase que o candidato máis adecuado para ocupar o posto é David Portela Alonso, tanto pola súa experiencia profesional como pola súa formación administrativa en xeral e urbanística en particular.

En relación coa súa experiencia profesional, traballou en materia urbanística tanto por conta propia como na Administración (Concellos de Mos, Vigo e Redondela).

Debe destacarse neste candidato, como máis salientable en relación co resto dos candidatos, a súa titulación de arquitecto e súa forte formación teórico-práctica, acreditada non solo pola realización de cursos senón tamén por ter superado diferentes procesos selectivos como técnico de administración especial. Ademais do proceso que lle deu acceso á praza de funcionario de carreira no Concello de Redondela, superou un proceso neste Concello de Vigo e nos Concellos de Vilanova de Arousa, no de Boiro e no de Cee.

En consecuencia co antedito, propónse á Vicepresidente que resolva:



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 01/07/2022 13:13

Páxina 2 de 3

EXPEDIENTE 14523_407

CSV: 2681A1-DE26DD-2F5FA2-VMY7CV-Q3RH46-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZOS
CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Primeiro.- Considerar como máis apto para ser nomeado, en comisión de servizos, como Técnico de Administración Xeral para o desenvolvemento do programa de edificación forzosa desta Xerencia Municipal de Urbanismo, a D. David Portela Alonso, con DNI 36121571W, funcionario en propiedade do Concello de Redondela.

Segundo.- Solicitar o preceptivo informe favorable da citada Administración, a efectos de ser nomeado en comisión de servizos por esta Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo, polo prazo máximo de un ano (prorrogable ata un máximo de dous).

No lugar e datas das sinaturas electrónicas
Juan González Ramírez, xefe dos Servizos Centrais da XMU

CONFORME, Carlos Hernández Figueruelo, XERENTE

RESOLUCIÓN

Visto o informe-proposta que antecede, no uso das facultades que me confiren os vixentes Estatutos, artigos 5 e 6, e a delegación Presidencial de 11 de xullo de 2019, RESOLVO DE CONFORMIDADE con dita proposta.

María José Caride Estévez, VICEPRESIDENTE

DOU FE, José Riesgo Boluda, SECRETARIO

